



Propostas de acción da CTNL para o período interasemblemario 2026-2027

(para o seu debate na Asemblea Xeral ordinaria do 07 de marzo de 2026)

Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1 Defender os intereses xerais das/dos traballadoras/es de normalización lingüística e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos:

- Realizar propostas que busquen **mellorar a situación do traballo en normalización lingüística**, propor a creación e a mellora de axudas para o mantemento, a creación e o reforzo de servizos de normalización lingüística nas administracións locais e facer un seguimento das convocatorias xa publicadas.
- Continuar a **difundir o traballo que se desenvolve a prol do galego**, procurando que o labor a favor da lingua se vexa socialmente como útil e necesario. Para isto seguirase coa difusión e información a través do web e redes sociais do traballo de SNL, ENDL, asociacións, empresas etc., publicando novas, reportaxes, entrevistas etc. E continuaremos os Premios Mil Primaveras que teñen entre os seus obxectivos a difusión do traballo de normalización da lingua.

2 Promover a formación continua no eido da normalización da lingua:

ORGANIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O TRABALLO EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Cada ano a CTNL procura organizar algunha actividade formativa sobre diversas materias na procura de mellorar os coñecementos e as capacidades das persoas que traballan en normalización lingüística en diferentes ámbitos. Neste 2026 propomos o desenvolvemento dalgún curso ou obradoiro con algún dos seguintes contidos recollidos no pasado curso: traballo conxunto entre SNL e equipos de dinamización lingüística;

lexislación e dereitos lingüísticos; xestión administrativa (reedición); ideas de campañas; a Lei de espectáculos de Galicia ou calquera outro que poida xurdir na asemblea.

3 Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua e colaboración en accións para o fomento do galego:

- Publicación da actualización do **Manual de xestión administrativa para SNL** feito por Marcos Viturro Gómez, técnico da administración xeral do Concello de Vigo. Na actualidade estamos a revisar a súa proposta.

ACCÍONS PARA UNHA MELLOR E MAIOR IMPLICACIÓN DAS ADMINISTRACÍONS PÚBLICAS NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- **XUNTA DE GALICIA:** facer un seguimento da política lingüística da Xunta de Galicia, instándoa a que procure avances en vez de retrocesos, denunciando os pasos atrás que se dean e os pasos adiante que se deixen de dar e propondo melloras no desenvolvemento de proxectos e accións para o fomento do uso e prestixio da lingua galega. Facer un seguimento da revisión do PXNLG que se se está a levar a cabo.
- **ADMINISTRACIÓN LOCAL:** facer un seguimento das convocatorias de axudas das deputacións provinciais para a creación de SNL e tamén das convocatorias de prazas en concellos e entidades locais ao abeiro ou non destas axudas; manter xuntanzas cos responsables das áreas de normalización lingüística das deputacións provinciais para que promovan a creación e consolidación dunha rede de SNL nas entidades locais da provincia.
- **UNIVERSIDADES GALEGAS:** proporlles unha maior difusión entre o alumnado das posibilidades profesionais como técnicos/as de normalización lingüística e pedirllas que retomen ou inicien colaboracións con SNL para que o alumnado poida facer prácticas e coñecer mellor este ámbito de traballo.

ENCONTROS, XORNADAS E OUTRAS PROPOSTAS DE COORDINACIÓN

LGx15 (https://lgx15.gal/)	
Descrición xeral	Organización dunha xornada de exposición de ideas que teñan que ver co futuro da lingua, na que interveñan persoas que transmitan, dun xeito breve e visual, ideas que poden, e queren, influír no futuro do uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos de persoas ou entidades, procurando accións e cambios. Esas intervencións, ideas e propostas serán tamén gravadas e difundidas en vídeo a través da rede, nun formato semellante ao das conferencias TED.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Recoller e difundir ideas coas cales se pode mellorar o futuro do uso e prestixio da lingua. • Realizar e difundir vídeos breves para a transmisión desas ideas. • Procurar influír no futuro do uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos de persoas ou entidades, procurando accións e cambios, a través da transmisión de ideas e mensaxes de persoas.
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none"> • Persoas interesadas no futuro da lingua (na sesión presencial) e, ademais, tamén público máis xeral (coa difusión dos vídeos).
Duración	Unha tarde ou tarde-noite (arredor de 3 horas).
Formato	Intervencións individuais cun tempo máximo (15 min.), claras e visuais, sen preguntas, e sen uso de mesa nin atril.
Lugar	Nun auditorio por determinar.
Persoas que interveñen	Persoas que teñan algo que dicir, ideas que valla a pena compartir e transmitir para influír no futuro da lingua, e que teñan capacidade para comunicar de xeito claro, positivo, apaixonado, visual e breve, coa vontade de

	intentar mudar cousas. A busca ou selección de persoas e propostas faraa a CTNL.
Notas sobre a xestión	Desde a CTNL nomearase unha comisión encargada da organización, selección de persoas, xestión etc. Non se pagará polas intervencións. Poderá cobrarse unha entrada para asistir ao evento que axude a financiar, en parte, o equipo técnico necesario, as gravacións, a difusión etc.

- **ENCUNTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:** colaboración cos XXVIII Encontros para a normalización lingüística, organizados desde o CDSG do Consello da Cultura Galega .

ACCIÓNS DE FOMENTO DO GALEGO

- **Resolución da sétima edición dos Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (<https://milprimaveras.gal/>) e convocatoria dunha oitava edición**

Tras a primeira convocatoria destes premios en 2019 (convocatoria en abril, resolución dos premios en xuño e acto de entrega en setembro), continuouse coa segunda edición entre 2020 e 2021, a terceira tivo lugar entre 2021 e 2022, a cuarta entre 2022 e 2023, a quinta entre 2023-2024, a sexta entre o 2024-2025 e a sétima convocouse en outubro, o prazo de inscrición acabou o 31 de xaneiro de 2026 e resolverase na primavera de 2026.

Para o seu financiamento solicitarase de novo axuda á Deputación Provincial de Pontevedra a través da súa liña de subvencións a asociacións para desenvolver accións de normalización lingüística.

- **Agasallo, continuamos nas redes sociais**

O proxecto céntrase só nas redes sociais ([Facebook](#), [Twitter](#), [Instagram](#) e Bluesky) procurando unha xestión máis áxil.

- **Presenza nas redes sociais: #veránlingua**

Continuaremos a ter unha presenza activa nas redes sociais tamén no verán coa achega de recursos, publicacións, campañas, vídeos, ferramentas, xogos etc. De interese para as persoas que traballamos en lingua.

Algunhas propostas organizativas para 2026-2027

- 30 anos da CTNL
- Mantemento das cotas de socios/as: 30 € anuais a cota xeral e 20 € a de desempregados/as e estudantes.
- Renovación do **seguro de responsabilidade civil**.
- Posta en marcha de **grupos de traballo** para o desenvolvemento dos diversos proxectos programados.
- Procura de renovación de convenios e acordos de colaboración con outras entidades para o desenvolvemento dalgunhas das accións.
- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte seguiranse facendo propostas en positivo e procurando que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:

- Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG).
- Plataforma Queremos Galego. Continuaremos co Proceso Lingua Vital.
- Foro da Lingua do Instituto da Lingua Galega
- Non sabemos nada do Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL)

Directiva da CTNL